

CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE A CORUÑA

Probas de Acceso – Interpretación GUITARRA

Para superar a proba de acceso ao CMUS Superior de A Coruña na especialidade de Guitarra, o aspirante deberá superar os seguintes criterios de avaliación:

PROBA A (40% da nota final)

Para a realización da PROBA A, será necesario a presentación de 1 copia das obras seleccionadas polo aspirante.

Esta proba consiste na interpretación dun programa de ata 30 minutos de duración (sen contar pausas), integrado por dúas obras (polo menos), sendo pezas de estilos diferentes do repertorio guitarrístico traballado en grao profesional, de dificultade adecuada ao nivel de acceso a estudios superiores.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN PROBA A

O Tribunal valorará os seguintes apartados:

1. Técnica guitarrística xeral de ambas mans, psicomotricidade e control postural (30% da nota de este apartado).
2. Fidelidade na interpretación musical con respecto ós diferentes estilos interpretados na proba (20% da nota de este apartado).
3. Realización de dinámicas, agóxica, fraseo e todas aquelas ferramentas que se utilicen para o mellorar o entendemento das pezas interpretadas (20% da nota de este apartado).
4. Expresividade interpretativa, así como a calidade do son e o grao de relación destes parámetros coa exposición xeral da obra (20% da nota de este apartado).
5. Posta en escena, postura xeral do corpo e das mans (10% da nota de este apartado).

PROBA C (5% do total)

Consiste nunha lectura a primeira vista dunha obra do repertorio clásico de guitarra a proposta do tribunal. O aspirante terá 5 minutos, sen instrumento, para ter unha visión xeral da obra ou fragmento antes de realizar a lectura e, posteriormente, realizar a lectura.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN PROBA C

O tribunal valorará o nivel do aspirante nos seguintes aspectos:

1. Interpretación da obra a primeira vista (50% da nota de este apartado).
2. Fidelidade e precisión do aspirantes en relación cos contidos de notación e estrutura harmónica da partitura (50% da nota de este apartado).